

O director xerente de SEAGA, en virtude das facultades outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais de 27 de abril de 2010 (D.O.G 28/04/2010) para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

Primeiro.- Apertura do prazo de actualización de méritos por parte dos integrantes das listas previas e/ou, de ser o caso, dos novos candidatos a ser incluídos nas mesmas.

De acordo co disposto no apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. de 27 de abril de 2010 (D.O.G de 28/04/2010), apertúrase o prazo para a presentación da documentación correspondente á actualización de méritos por parte dos integrantes das listas previas que se relacionan a continuación e/ou, de ser o caso, dos novos candidatos a ser incluídos nas mesmas:

- Enxeñeiro de Montes
- Enxeñeiro Agrónomo
- Enxeñeiro Técnico Forestal
- Enxeñeiro Técnico Agrícola
- Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas
- Arquitecto
- Arquitecto Técnico
- Capataz
- Xefe de Brigada
- Maquinista-condutor
- Peón Especialista
- Peón
- Oficial Administrativo
- Auxiliar Administrativo

Asimesmo, anúnciase a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a incorporación ás listas previas de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA) na categoría profesional de:

Licenciado en Dereito

Segundo.- Documentación a presentar polos interesados:

O proceso de cualificación dos novos candidatos, e actualización de méritos dos integrantes das listas previas, axustarase ao disposto nas bases xerais e bases específicas da correspondente convocatoria para cada categoría profesional:

- No caso de integrantes das listas previas que só desexen actualizar méritos, estes deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos que se axuste ao recollido nas bases específicas para a correspondente categoría profesional.
- No caso de novos candidatos, estes deberán achegar a documentación que para cada categoría profesional se recolle no apartado “Solicitudes” das correspondentes bases específicas.

A actualización dos méritos serán computables ata o día 30 de setembro do 2017.

No caso dos traballadores que prestaran ou presten servizos en SEAGA a esa data, a actualización de méritos correspondentes aos períodos traballados nesta empresa efectuarase de oficio por parte de SEAGA.

Terceiro.- Presentación de renuncias e modificación de ámbitos e/ou perfís.

Os integrantes de algunha lista previa que non desexen seguir formando parte da mesma, poderán presentar renuncia escrita ante o Director-Xerente de SEAGA, indicando a categoría profesional a que renuncian, no prazo e lugar os que se fai referencia no apartado cuarto da presente resolución.

O mesmo prazo rexerá para os candidatos que estando inscritos nalgunha lista previa desexen modificar o ámbito territorial ou perfil profesional.

Cuarto.- Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes ou actualización de méritos dirixiranse ó Director-Xerente de SEAGA, e a súa presentación poderase facer:

-nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00h e de 16:00 a 18:00h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h.

-nas oficinas de rexistro de SEAGA, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, sitas en:

-Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003-Lugo

-Pol. San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1) Parcela 1-G
Nave 3, 32911-San Cibrao das Viñas - Ourense

-Lugar Cabanas-Salcedo, nº 54, 36143-Pontevedra

-Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo

-nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 881 997 334, acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)

O apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A establece o prazo de actualización de méritos por parte dos integrantes das listas ou dos novos candidatos a ser incluídos dende o día 01 ata o 15 de outubro de cada ano. Non obstante, acórdase unha ampliación ata o 31 de outubro de 2017.

Santiago de Compostela, a 21 de setembro de 2017.

O Director-Xerente



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira